

## LITERATURA UNIVERSAL (OPTATIVA 1º BAC, 4 HORAS SEMANAIS)



A materia de Literatura Universal ten un único punto de partida: **que che guste ler.**

O teu traballo será descubrir as **historias que conforman o noso patrimonio cultural**, ver a relación entre os grandes temas do pasado co presente, falar das conclusións do que les , compartir ideas co grupo e analizar semellanzas e diferenzas, analizar ou crear novos xeitos de tratar eses temas universais...

O traballo na materia soe estar apoiado, ademáis dos textos, no **visionado de películas** ou outras manifestacións artísticas que beben deste acervo literario compartido ao longo dos séculos.

A reflexión e a escritura xogan tamén un papel importante (comentarios, traballos...) e a súa práctica favorecerá a adquisición de **destrezas de composición** que che virán ben noutras materias ao longo de todo o Bacharelato, así como a ampliación da túa **cultura xeral** de cara a calquera saída profesional que plantexes.